Contas do sector fogares e renda dos fogares municipal

Dato avance 2024 e datos detallados para 2010-2023

Data de publicación: 20/03/2026

ÍNDICE

Principais resultados . . . 1
Introdución . . . 1
A Renda dispoñible bruta e a súa distribución entre consumo e aforro dos fogares galegos . . . 2
Distribución dos recursos e empregos . . . 6
Renda dispoñible bruta por habitante municipal . . . 7
Concentración da renda dispoñible bruta total no territorio . . . 9
Principal fonte de renda nos concellos galegos . . . 11
A relación entre as cotizacións sociais e as prestacións sociais . . . 12
Definicións, metodoloxía, fontes e máis información . . . 14

Principais resultados

- Galicia rexistrou unha renda dispoñible bruta por habitante de 20.099 euros no ano 2024.
- En 2024, a renda dispoñible bruta dos fogares incrementouse un 5,8 % con respecto a 2023.
- O crecemento da renda do sector fogares superou, por segundo ano consecutivo, o crecemento do Produto interior bruto.
- En 2023, a taxa de aforro dos fogares situouse no 10,6 % da súa renda dispoñible
- A remuneración dos asalariados é a principal fonte de renda dos fogares en 245 dos 313 concellos de Galicia.

1 Introdución

O sector fogares, seguindo a terminoloxía do Sistema Europeo de Contas (SEC), son individuos ou grupos de individuos (familias) cuxa función económica principal é o consumo, ou ben, traballadores por conta propia, que o SEC describe como empresas individuais sen personalidade xurídica que producen bens e servizos. Caracterízanse por percibir rendas de diversa orixe (salarios, prestacións, rendementos do seu traballo por conta propia, etc.) coas que desenvolven a súa función económica principal.

As Contas do sector fogares describen a contribución dos traballadores por conta propia ao proceso de xeración de valor engadido na economía galega; permiten coñecer as rendas primarias que os fogares perciben -principalmente da remuneración do seu traballo por conta allea-, e a distribución secundaria da renda unha vez que o sector público intervén no proceso redistributivo. A sucesión de contas que describe este proceso ten como resultado un agregado relevante: a renda dispoñible bruta do sector fogares. Esta magnitude proporciona información da cantidade que os fogares teñen a disposición para as súas decisións de consumo ou aforro.

A Renda dos fogares municipal proporciona información por concello deste proceso, centrándose na asignación primaria e na distribución secundaria da renda. Isto permite coñecer tanto os niveis de renda por habitante nos 313 concellos galegos como a distribución dos recursos e empregos que conforman a renda dispoñible final.

Entre as utilidades destas operacións estatísticas destacamos as seguintes:

- Coñecer a contribución do sector fogares á economía galega e estudar a súa evolución.
- Proporcionar información sobre a renda dispoñible bruta dos fogares galegos e a súa capacidade de aforro.
- Ofrecer información sobre o proceso de redistribución da renda a través dos impostos correntes sobre a renda e o patrimonio, as cotizacións e prestacións sociais e as transferencias correntes.
- Valorar o impacto das transferencias sociais en especie na renda dispoñible, con orixe maioritariamente no sector público.
- Caracterizar os concellos galegos en función do nivel e composición de renda dispoñible.

Así mesmo, tamén se inclúen datos da renda dispoñible bruta por habitante. A poboación utilizada neste cálculo é a difundida nas Cifras poboacionais de referencia que elabora o IGE.

Estas publicacións forman parte das operacións estatísticas do Sistema de Contas Económicas de Galicia -Revisión estatística 2024-.

Nota: os datos de 2024 son avance e os de 2023 provisionais.

Para o ano avance só se publica o agregado da renda dispoñible bruta para o total de Galicia.

O termo "bruto" refírese a que non se detrae a depreciación dos activos (consumo de capital fixo) propiedade dos fogares.

2 A Renda dispoñible bruta e a súa distribución entre consumo e aforro dos fogares galegos


A renda dispoñible bruta é a renda que os fogares teñen á súa disposición para destinar ao gasto en consumo final ou ben ao aforro. É a magnitude que sintetiza o proceso que comeza co valor engadido xerado polos fogares galegos, continúa coa asignación de rendas primarias recibidas por estes en virtude da súa participación no proceso produtivo e finaliza tras a intervención das administracións públicas co mecanismo de redistribución da renda.

Neste proceso, o "Saldo de rendas primarias bruto" é outro agregado significativo que se calcula como suma de recursos (ingresos) menos empregos (gastos) antes da intervención do sector administracións públicas:

- Recursos: a remuneración do traballo por conta allea (Remuneración dos asalariados), por conta propia (Renda mixta bruta), as rendas netas que cobran os propietarios de activos financeiros (Rendas da propiedade) e o excedente dos servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios (Excedente de explotación bruto).
- Empregos: as rendas da propiedade pagadas, fundamentalmente, como intereses.

As administracións públicas interveñen no mecanismo de redistribución da renda, achegando uns recursos públicos aos fogares (prestacións sociais) e detraendo da renda destes uns gastos ou empregos (cotizacións sociais e impostos sobre a renda). Ademais, tanto administracións públicas como outros sectores institucionais, interveñen no proceso pagando e/ou cobrando "Outras transferencias correntes". Neste concepto inclúense as bolsas de estudo, as multas, as primas e indemnizacións de seguro, ou as transferencias entre fogares, entre outras. O saldo desta fase do proceso denomínase "Renda dispoñible bruta".


A sucesión de contas do sector fogares e os agregados



Nota: Os termos "bruto" / "bruta" refírense a agregados económicos dos que non se detrae a depreciación dos activos (consumo de capital fixo) propiedade dos fogares.

Desde o ano 2021, o saldo de rendas primarias bruto medra a maior ritmo que a renda dispoñible bruta e o PIB. Isto significa que as rendas percibidas polos fogares por participaren no proceso produtivo están medrando máis que a xeración de valor na economía.

Crecemento da Renda dispoñible bruta e do Produto interior bruto. Galicia. Ano 2010-2024
Unidade: porcentaxes (%)



Fonte: IGE. Contas do sector fogares (descarga da táboa), IGE. Contas económicas anuais (descarga da táboa), IGE. Contas económicas trimestrais (descarga da táboa).

En 2024, a renda dispoñible bruta dos fogares galegos foi de 54.386 millóns de euros, un 5,8% superior á do ano 2023, período no que alcanzou o valor de 51.428 millóns e euros, dato un 10,1% superior ao alcanzado no ano 2022. Nos últimos dous anos da serie o crecemento da renda dispoñible dos fogares superou ao crecemento da economía, medida polo Produto interior bruto (PIB).

Renda dispoñible bruta, transferencias sociais en especie, gasto en consumo final e aforro. Galicia
Unidade: millóns de euros

Tempo	Saldo das rendas primarias bruto	Renda dispoñible bruta	Transferencias sociais en especie	Renda dispoñible axustada bruta	Gasto en consumo final	Aforro bruto
2015	37.228	36.950	7.884	44.835	35.210	1.601
2016	38.312	37.879	8.027	45.906	35.942	1.789
2017	39.631	38.849	8.302	47.151	37.799	899
2018	41.102	40.033	8.501	48.534	38.764	1.131
2019	43.762	42.474	8.912	51.385	38.130	4.209
2020	41.192	41.681	9.413	51.094	33.775	7.719
2021	43.780	43.175	9.921	53.097	37.210	5.847
2022	48.118	46.694	10.370	57.064	41.889	4.683
2023	53.196	51.428	11.004	62.433	45.945	5.434
2024	..	54.386	..	..	..	..


IGE. Contas do sector fogares (descarga da táboa).

En 2023, tal como recolle a táboa anterior, o gasto en consumo dos fogares galegos foi de 45.945 millóns de euros, o que supón un crecemento do 9,7% con respecto ao ano anterior. Non obstante, o consumo medrou menos que a renda dispoñible bruta o que implica un crecemento do aforro do sector fogares en Galicia, que alcanzou neste ano os 5.434 millóns de euros.

A taxa de aforro, definida como o cociente entre aforro e renda dispoñible, foi do 10,6 % no ano 2023. Esta taxa é superior á do ano anterior, e supón un cambio de tendencia nunha serie que diminuía dende o ano 2020 (ano da pandemia).

Evolución da tasa de aforro do sector fogares. Galicia. Serie 2010-2023

Unidade: porcentaxes (%)




Fonte: IGE. Contas do sector fogares (descarga da táboa)

As transferencias sociais en especie son os bens e servizos individuais proporcionados aos fogares, principalmente polas Administracións públicas, de xeito gratuíto ou a prezos economicamente non significativos. Son financiados polos impostos, cotizacións e outros ingresos das administracións públicas. Trátase, principalmente, de servizos de educación, sanidade, servizos sociais e gasto farmacéutico.

No ano 2023, estas transferencias sociais en especie ascenderon a 11.004 millóns de euros. A renda dispoñible axustada dos fogares, que se obtén a partir da renda dispoñible bruta e as transferencias sociais en especie, situouse no 2023 en 62.433 millóns de euros e medrou un 9,4 %.

Renda dispoñible bruta e axustada do sector fogares. Galicia. Serie 2010-2023
Unidade: millóns de euros



Fonte: IGE. Contas do sector fogares (descarga da táboa)


3 Distribución dos recursos e empregos

A descomposición da renda dispoñible bruta, entendida como a diferenza entre unha serie de recursos (ou ingresos) e empregos (gastos) que se recollen na sucesión de contas, permite coñecer a distribución dos recursos e empregos, é dicir, que tipo de ingresos teñen os fogares galegos e cales son os seus gastos.

Segundo a distribución dos recursos amosada no gráfico seguinte, no ano 2023, a remuneración dos asalariados representa un 46,0 % dos recursos totais dos fogares mentres as prestacións sociais acadan un 21,2 %. A terceira fonte de renda son rendas mixtas (13,5 %), seguidas do excedente de explotación (7,5 % dos recursos). As outras transferencias correntes (que inclúen bolsas de estudo, remesas de emigrantes, transferencias entre fogares e outras rendas) e as rendas da propiedade supoñen, respectivamente, un 6,5 % e 5,3 % dos recursos.

Distribución dos recursos do sector fogares. Galicia 2010-2023

Unidade: porcentaxe sobre total recursos (%)




Fonte: IGE. Contas do sector fogares (descarga da táboa)

No seguinte gráfico, no que se representa a distribución dos empregos, apréciase que o 45,8 % dos empregos totais do sector fogares son cotizacións sociais, isto é, contribucións dos fogares aos sistemas de prestacións sociais. Séguenlle en relevancia os impostos sobre a renda, o patrimonio, etc., cun peso no total do 28,9 %. Este peso incrementouse desde o ano 2010 en 3,8 puntos porcentuais. En cambio, reduciuse a participación das cotizacións sociais no total dos empregos.

Distribución dos empregos do sector fogares. Galicia 2010-2023

Unidade: porcentaxe sobre total empregos (%)



Fonte: IGE. Contas do sector fogares (descarga da táboa)

4 Renda dispoñible bruta por habitante municipal

A información municipal utiliza como criterio territorial a residencia dos fogares nos concellos galegos. A información difundida é máis reducida que a dispoñible para Galicia: os últimos datos dispoñibles son os de 2023 e non se difunden datos do gasto en consumo final, aforro ou transferencias sociais por concello.

No ano 2023, o valor da renda disponible bruta por habitante para Galicia foi 19.053 euros. Só 27 dos 313 concellos galegos acadaron un valor da renda por habitante superior á media galega. Oleiros é o concello con maior renda por habitante e esta alcanza o valor de 30.879 euros. O concello da Coruña, cunha renda por habitante de 24.327 euros en 2023, é o segundo concello galego con maior renda. Neste ano é un 27,7 % superior a renda media galega.


Outros tres concellos, ademais dos dous anteriores, teñen unha renda media por habitante que supera en quince puntos ou máis á media galega no ano 2023: Santiago de Compostela, Nigrán e Bergondo. Os concellos de Ourense, Teo, Portomarín, Lugo e Pontevedra completan os 10 concellos con máis renda por habitante.

Concellos con maior renda media por habitante. Ano 2023
Unidade: euros por habitante

Espazo	Renda dispoñible bruta por habitante	Indice (Galicia=100)
15058 Oleiros	30.879	162,1
15030 Coruña, A	24.327	127,7
15078 Santiago de Compostela	23.581	123,8
36035 Nigrán	22.994	120,7
15008 Bergondo	22.774	119,5
32054 Ourense	21.546	113,1
15082 Teo	21.276	111,7
27049 Portomarín	21.187	111,2
27028 Lugo	20.985	110,1
36038 Pontevedra	20.795	109,1

Fonte: IGE. Renda municipal do sector fogares (descarga da táboa)

Índice da renda dispoñible bruta por habitante (Galicia=100). Ano 2023



Fonte: IGE. Renda municipal do sector fogares (descarga da táboa)

Dos sete grandes concellos de Galicia só dous non están entre os dez con maior renda media por habitante: Vigo (20.061 euros, un 5,3 % superior á de Galicia) e Ferrol (18.354 euros), único dos sete grandes cunha renda menor á galega.

Os maiores niveis de renda por habitante sitúanse a carón dos sete grandes concellos. Tamén se aprecian niveis de rendas superiores á media en moitos dos concellos do eixo Ferrol-Vigo. Porén, hai concellos como Portomarín, As Pontes ou Ribadeo, que non presentan estas características pero teñen unha renda superior á media de Galicia. Pola contra, os niveis de renda por habitante máis baixos sitúanse no interior da provincia de Pontevedra e no suroeste da provincia de Ourense, ademais do concello lucense de Negueira de Muñiz.

5 Concentración da renda dispoñible bruta total no territorio

Un 36,8 % dos habitantes de Galicia residen nos sete concellos máis poboados. Esta concentración ten influencia sobre o reparto da renda municipal, non só pola relación entre o número de habitantes e a renda total dun concello, senón tamén porque nos amosa o agrupamento das actividades produtivas en torno aos núcleos máis poboados.

Renda dispoñible bruta nos concellos das sete grandes cidades. Ano 2023
Unidade: persoas, millóns de euros


Espazo	Poboación	Renda dispoñible bruta
15030 Coruña, A	248.255	6.039
15036 Ferrol	64.138	1.177
15078 Santiago de Compostela	99.416	2.344
27028 Lugo	98.657	2.070
32054 Ourense	104.368	2.249
36038 Pontevedra	83.234	1.731
36057 Vigo	294.439	5.907
12 Galicia	**2.699.216**	**51.428**

Fonte: IGE. Renda municipal do sector fogares (Renda dispoñible bruta, Renda dispoñible bruta por habitante); Poboación (Cifras poboacionais de referencia)

O seguinte gráfico amosa o que representan os sete grandes concellos nas partidas principais que compoñen a renda dispoñible bruta. Así, nestes sete concellos concéntrase o 41,8 % da renda galega. De feito, a renda total dos residentes na Coruña e Vigo supón o 23,2% do total da renda (e o 20,1 % da poboación). No caso dos impostos correntes a relevancia dos sete grandes concellos é aínda máis elevada: de cada 100 euros de impostos sobre a renda e o patrimonio pagados en Galicia 49 euros páganos os residentes nalgúns dos grandes concellos. A concentración das rendas salariais tamén é elevada (44,1 %) e similar á das cotizacións sociais pagadas (42,2 %). Cómpre destacar que todas estas variables económicas teñen unha concentración superior ao dato da poboación, o que indica que, nestes concellos, os cocientes por habitante son superiores aos do conxunto da comunidade autónoma.

Peso dos sete grandes concellos por variables. Ano 2023

Unidade: porcentaxes sobre total Galicia



Fonte: IGE. Renda municipal do sector fogares (descarga da táboa).

6 Principal fonte de renda nos concellos galegos

Centrándonos nos recursos dos fogares por concello e sinalando cal é o máis elevado, podemos categorizar os concellos segundo a súa principal fonte de ingresos para os fogares, tanto en 2023 como no conxunto da serie contable.

Número de concellos por principal fonte de renda

Ano	Remuneración Asalariados	Rendas Mixtas	Prestacións sociais
2010	238	5	72
2011	226	4	85
2012	205	4	106
2013	199	12	104
2014	201	11	102
2015	207	2	105
2016	212	2	100
2017	227	2	84
2018	232	2	79
2019	237	0	76
2020	225	0	88
2021	235	0	78
2022	239	2	72
2023	245	3	65

IGE. Renda municipal do sector fogares (descarga da táboa).


No ano 2023, a remuneración de asalariados é a principal fonte de renda de 245 concellos galegos (o 78,3 % dos concellos). Con respecto ao 2022 increméntase o número de concellos cuxa principal fonte de renda son os salarios, feito que está moi relacionado co incremento da actividade económica rexistrada en Galicia con respecto ao ano 2022 e co incremento superior no saldo de rendas primarias. En 65 concellos, principalmente das provincias de Lugo e Ourense, son as prestacións sociais as que proporcionan un maior volume de recursos, aspecto moi vencellado ao envellecemento da poboación destes concellos.

Co fin de proporcionar unha visión estrutural da principal fonte de rendas nos concellos galegos representamos no seguinte mapa aquela fonte que, de xeito máis frecuente no período 2010-2023, é a principal fonte de renda do concello:

- As rendas mixtas son a principal fonte de renda de 2 concellos: Portomarín e A Illa de Arousa. Este tipo de rendas son as xeradas polo traballo por conta propia.

- En 58 dos 92 concellos da provincia de Ourense a principal fonte de renda son as prestacións sociais. No caso da provincia de Lugo, isto ocorre en 24 dos 67 concellos.
- Na provincias da Coruña e Pontevedra esta situación é pouco frecuente: só 1 concello da Coruña ten como principal fonte de renda as prestacións sociais (Mañón), mentres en Pontevedra son 3 concellos os que presentan esta característica (Crecente, Dozón e A Lama).

Principal fonte de renda nos concellos no período 2010-2023




Fonte: IGE. Renda municipal do sector fogares (descarga da táboa)

7 A relación entre as cotizacións sociais e as prestacións sociais

A relación entre cotizacións sociais e prestacións sociais indícanos en que cota as prestacións cobradas en cada concello estarían cubertas polas cotizacións sociais pagadas polos fogares de dito concello.

A nivel de toda Galicia, no 2023, as cotizacións sociais pagadas cobren o 67,0 % das prestacións sociais que reciben os galegos. Na maioría dos concellos galegos as cotizacións sociais satisfeitas polos residentes son inferiores ás prestacións sociais recibidas: só en tres concellos (Oleiros, Oroso e Ames) son maiores as cotizacións sociais pagadas que as prestacións sociais recibidas polos residentes. Estes concellos caracterízanse por ter un peso da remuneración dos asalariados na renda dispoñible bruta elevado.


Ratio de cotizacións sociais sobre prestacións sociais. Ano 2023.



Fonte: IGE. Renda municipal do sector fogares (descarga da táboa)

No 2023 as prestacións sociais supoñen o 30,8 % da renda dispoñible bruta total de Galicia. Por concellos este peso é desigual, nos concellos máis envellecidos as prestacións sociais chegan a supoñer máis do 50 % da renda do concello. Este é o caso dos concellos de Lobeira, Vilardevós, Calvos de Randín, Laza e Carballeda de Valdeorras. Pola contra, en concellos como Oleiros, Oroso, Ames e Brión non superan o 25 % das rendas.

Peso das prestacións sociais sobre a renda dispoñible bruta do concello. Ano 2023.



Fonte: IGE. Renda municipal do sector fogares (descarga da táboa)

8 Definicións, metodoloxía, fontes e máis información

Definicións

- Definicións: Contas do sector fogares – Renda municipal do sector fogares

Metodoloxía

- Metodoloxía Contas do sector fogares
- Metodoloxía Renda municipal do sector fogares

Descarga de datos

- Contas do sector fogares
- Renda municipal do sector fogares